



BASES VII CONCURSO DE DEBUXO DÍA DA MULLER 2024

1. ORGANIZACIÓN

O Concello de O Saviñao organiza o VII CONCURSO DE DEBUXO DO DÍA DA MULLER 2024, coa finalidade de conmemorar o Día Internacional da Muller que se celebra o día 8 de marzo, así como apoiar a educación en igualdade, estimular a imaxinación dos nenos e nenas e invitar á reflexión da poboación en xeral, ao mesmo tempo que se pretende concienciar da plena participación, en condicións de igualdade, da muller e da nena, nos distintos ámbitos da vida política, civil, económica, cultural e social.

2. TEMÁTICA

O tema do VII CONCURSO DE DEBUXO DO DÍA DA MULLER 2024 será a expresión por medio dun debuxo da loita da muller polos seus dereitos, pola súa participación, en igualdade co home, na sociedade e no seu desenvolvemento como persoa nos distintos ámbitos da vida, baixo o lema '**Mulleres e nenas que moven o mundo**'. Os debuxos deben estar relacionados con tema.

3. PARTICIPANTES

Poderán presentarse ó concurso todos os nenos e nenas do concello do Saviñao dos cursos de infantil, primaria e secundaria que queiran que a súa proposta forme parte da conmemoración do Día Internacional da Muller que se presenta dende o Concello de O Saviñao.

4. DEBUXOS

Realizaranse a cor ou en branco e negro e en tamaño DIN-A4 (folio), sendo o formato vertical ou horizontal. O material de soporte pode ser papel ou cartolina.

Pódense usar todo tipo de técnicas de forma separada ou mesturada (fotografía, colaxe, rotulador, pintura, acuarelas, lapis de cores...), acompañando o debuxo obrigatoriamente cun lema ou texto curto en galego que represente a conmemoración da muller.

Os debuxos deberán ser orixinais e inéditos.

A participación será de carácter individual e só se admitirá un debuxo por participante.

Os debuxos serán presentados xunto coa folia de inscrición debidamente cumprimentada.

O concello de O Saviñao resérvase todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión dos traballos premiados.

Os debuxos participantes serán expostos nas dependencias da Casa Consistorial dende 19 de marzo ata o 19 de abril de 2024.

Os orixinais serán devoltos unha vez finalizada a exposición. Todos os debuxos poderán ser retirados polo/a interesado/a a partir do 1 de maio de 2024.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

CALIDADE TÉCNICA: 25 Puntos/25 %

ORIXINALIDADE: 25 Puntos/25 %

CREATIVIDADE: 25 Puntos/25 %

CAPACIDADE DE EXPRESIÓN E SENTIMENTO QUE TRANSMITA: 25 Puntos/25 %

TOTAL: 100 Puntos/100%

6. PREMIOS E CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías e premios:

* Categoría Infantil (4º, 5º e 6º Infantil):





Vale de 50 € no comercio local (válido ata o 01/06/2024) + **Diploma acreditativo.**

* Categoría Primaria A (1º, 2º e 3º Primaria):

Vale de 50 € no comercio local (válido ata o 01/06/2024) + **Diploma acreditativo.**

* Categoría Primaria B (4º, 5º e 6º Primaria):

Vale de 50 € no comercio local (válido ata o 01/06/2024) + **Diploma acreditativo.**

* Categoría Secundaria (1º, 2º, 3º e 4º ESO):

Vale de 50 € no comercio local (válido ata o 01/06/2024) + **Diploma acreditativo.**

7. XURADO

O xurado estará composto por 5 empregados públicos do Concello de O Saviñao.

En caso de que o Xurado considere que os traballos non teñen un mínimo de calidade, poderá declarar deserto o concurso.

O fallo do Xurado será inapelable.

O Xurado levantará Acta na que recolla as puntuacións asignadas a cada debuxo que se publicará no Taboleiro de anuncios do concello.

A entrega de premios notificarase con antelación ao/ás gañadores/as.

8. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Responsable obterá datos de carácter persoal de cada unha das persoas participantes: nome completo, teléfono móbil, correo electrónico, data de nacemento, etc. Estes datos empregaranse, unicamente, a efectos de inscrición no Concurso e, en todo caso, como acción promocional na páxina web e/ou nas redes sociais vinculadas ao Concello de O Saviñao.

Todas as persoas participantes do Concurso están de acordo e son conscientes de que, durante a entrega de premios, se lles poden facer fotografías ou gravar vídeos para a utilización promocional por parte do Responsable.

As persoas participantes autorizan o tratamento dos seus datos persoais de conformidade coa lexislación vixente e para o fin para o que se destinan. Garántese ás persoas participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais, para que o haberán de dirixirse ao Concello de O Saviñao con domicilio social na Praza de España 1, 27540 O Saviñao. Coa participación neste Concurso, a persoa presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Responsable conforme as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

9. OBSERVACIÓNS

Tódalas cuestións non previstas nestas bases serán resoltas pola sección de Cultura e Servizos Sociais do Concello do Saviñao.

A participación neste Concurso supón a total aceptación das súas bases e da resolución do xurado.

O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.





Anexo I. INSCRICIÓN CONCURSO DE DEBUXO DÍA DA MULLER

DATOS DO/A PARTICIPANTE

Nome e apelidos:

Idade:

Data de nacemento:

Curso:

Nome e apelidos nai/pai/titor:

Dni da nai/pai/titor:

Teléfono:

Colexio: Escairón

Currelos

En O Saviñao, a ____ de _____ de 2024

Asinado (pai/nai ou titor):

